

**350 ANOS DA OFRENDA  
DO ANTIGO REINO DE GALICIA  
A XESÚS SACRAMENTADO  
NA CATEDRAL DE LUGO**



**1669 - 2019  
EXPOSICIÓN  
CONMEMORATIVA**

# **350 ANOS DA OFRENDA DO ANTIGO REINO DE GALICIA A XESÚS SACRAMENTADO NA CATEDRAL DE LUGO**

## Paneis

- 01 - 350 anos da Ofrenda do Antigo Reino de Galicia  
a Xesús Sacramentado na Catedral de Lugo**
- 02 - A inmemorial devoción ao Santísimo en Lugo**
- 03 - O Antigo Reino de Galicia**
- 04 - Memorial de Juan Pallares. Prolegómenos da Ofrenda**
- 05 - 1669: A escritura do donativo do Reino de Galicia**
- 06 - S. XVIII: A Ofrenda cumpre o primeiro século**
- 07 - S. XIX: II Congreso Eucarístico Español en Lugo**
- 08 - S. XX: 300 anos da Ofrenda**
- 09 - S. XXI: A cerimonia nos nosos días**
- 10 - Lugo, a Cidade do Sacramento**
- 11 - A devoción na heráldica**
- 12 - A chama que non se apaga**

## 350 anos da Ofrenda do Antigo Reino de Galicia a Xesús Sacramentado na Catedral de Lugo

O 1 de marzo de 1669 rubricouse na cidade da Coruña o documento que orixinaría a Ofrenda anual que o Antigo Reino de Galicia se comprometía a efectuar na Catedral de Lugo ao Santísimo Sacramento, iniciándose unha das cerimonias máis antigas e fermosas que seguen vivas na actualidade.

Esta exposición mostra a excepcional realidade que xeraron os 350 anos que se conmemoran en 2019, facendo patente que aquel sentimento de comunidade e devoción á Eucaristía que se demostrou en 1669, segue hoxe presente, superando todos os avatares da historia.

A evolución temporal da cerimonia da Ofrenda do Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento é na actualidade un dos maiores signos de identidade da comunidade galega, reunindo anualmente en Lugo, a Cidade do Sacramento, aos bispos das dioceses galegas e aos representantes -delegados rexios - das capitais do Antigo Reino de Galicia: A Coruña, Lugo, Santiago de Compostela, Ourense, Tui, Mondoñedo e Betanzos.

Os riquísimos arquivos lucenses permiten que agora saian á luz, por primeira vez, datos e documentos que proporcionan unha visión global e detallada, do que ao longo de tres séculos e medio foi xerando o tesouro cultural e social que supón a secular cerimonia da Ofrenda do Reino de Galicia.



Catedral de Lugo de noite.



Cáliz do Santo Milagre de O Cebreiro, posible orixe do icóna do escudo de Galicia.



O Santísimo Sacramento exposto no altar maior da Catedral de Lugo.

En esta ciudad tampoco no callo  
Estar descuberto en la iglesia mayor  
El Sacramento, sin más cobertor,  
Que en otras iglesias tal cosa no hallo.  
La causa y secreto queriendo alcanzallo  
De estar así puesto tan gran Sacramento  
Algunas se dicen, más lo que yo siento  
Es lo mejor continuo adorallo.

(Descripción del Reino de Galicia  
y de las cosas notables del)(1550)

Licenciado Molina

# A inmemorial devoción ao Santísimo en Lugo

A Catedral de Lugo goza, desde tempo inmemorial, do privilexio da exposición continua do Santísimo Sacramento. Da súa orixe propóñense datas posteriores ao s. X, e outras anteriores, coma o ano 447 ou o século I, visible na imaxe do coro da catedral do lucense San Capito, cunha custodia descuberta; sen embargo, a referencia estandarizada ao comezo da Ofrenda do Reino de Galicia é de mediados do s. VI, coincidindo co Concilio de Braga, amosando Lugo, e Galicia, permanente defensa da presenza de Xesús nas especies consagradas, eliminando así as herexías priscilianistas, quedando visible proba na imaxe da Fe esmagando estas herexías, tanto ao pé da custodia do Altar Maior coma na fachada principal.

Na Idade Moderna este privilexio aparece repetidamente mencionado: en 1619 o bispo Alonso López Gallo menciona que a *“Yglesia de Lugo es fundacion de los Apostoles, fue Metropolitana, y desde la extirpacion de la erigia de los Priscilianistas existe descubierta el Santísimo”* datando o seu comezo en tempos do rei Teodomiro; e Frei Miguel de Fuentes, en 1696, lembra: *“su Divina Magestad Sacramentado que esta día y noche patente en el altar mayor desta santa iglessia desde que en ella se zelebro en tiempo del Rey Theodomiro el concilio en que se condeno la Heregia de los Priscilianistas que negaban la Real y verdadera asistencia de nuestro Señor Jesucristo debaxo de las especies consagradas”*. As mencións a isto seguen no s. XVIII, cando o bispo Manuel Santa María (1726), lembraba a súa orixe: *“reinando Theodomiro Rey de los Suevos, en que se extirpó la Herejía de los Priscilianistas”*.

O Santísimo Sacramento non sempre estivo na Capela Maior, sendo trasladado en ocasións á Sancristía; ocorreu a finais do s. XVII, coa reforma das naves, e na segunda metade do XVIII, tras o terremoto de Lisboa de 1755, sucedendo aí un terrible incendio, en 1761, que afectou á custodia portadora da Santa Hostia. Estas vicisitudes culminaron co roubo, en 1854, do Santísimo Sacramento, sufrindo un novo intento de roubo en abril de 2008, debido ao incalculable valor económico que ten esta alfaia. O Santísimo Sacramento segue exposto día e noite no Altar Maior, mostra do profundo sentimento dos fieis da Diocese.



Retablo maior de Cornelius de Holanda (1ª metade do s. XVI), lugar de exposición do Santísimo, anterior ao actual Tabernáculo.



Pantocrátor e “Pinjante” na Porta Norte da Catedral de Lugo.



Plano orixinal da fachada do Bo Xesús da Catedral de Lugo, realizado por Julián Sánchez Bort (1769).

Pobo en Galicia tan lembrado  
A Xesucristo Sacramentado  
Decote mostra n’ a Catedral;  
Iste é recordo d’ unha victoria,  
Cantan os cregos himnos de gloria,  
Brilan as luces n’ o santo altar.

(De “De riola por Galicia”)

**Valentín Lamas Carvajal**

# O Antigo Reino de Galicia

O Reino de Galicia xurdiu ao longo da Idade Media con raíces nos territorios da Gallaecia romana e dos reis suevos, destacando entre estes Teodomiro (s.VI), situando varias fontes da Diocese de Lugo do s.XVII, no seu reinado, a orixe da exposición permanente do Santísimo na Catedral de Lugo; emblema deste reino cristián do norte peninsular.

O territorio da actual Galicia sufriu numerosos cambios administrativos na Idade Media; destacando a súa unión ao Reino de León, por parte do rei Ordoño, no s. X ata que, co reinado de Fernando III “el Santo” (s. XIII), foi anexionado á Coroa de Castela. Os Reis Católicos realizaron tamén varias reformas neste territorio e, en 1528, en tempos de Carlos I, creouse a Xunta do Reino de Galicia, entre cuxas actas aparece, case século e medio despois, a escritura que este reino subscribiu para o donativo do alumeado do Santísimo Sacramento. Unha das cuestións máis relevantes do Reino de Galicia na Idade Moderna foi o seu dereito a voto nas Cortes, xa que Zamora a representaba desde o s. XV. Por fin este dereito se reconece o 13 de outubro de 1623, no reinado de Felipe IV, mercé a xestións de ilustres personaxes como Pedro Fernández de Castro, VII Conde de Lemos.

Este histórico reino conserva símbolos tan visibles coma a súa bandeira, co cáliz e as cruces rodeándoo; o emblema “*Hoc Hic Mysterium Fidei Firmiter Profitemur*”, a Marcha do Antigo Reino de Galicia ou o Arquivo do Reino de Galicia, que a Real Audiencia do Reino creou en 1775.

Sete eran as capitais de provincia do Antigo Reino de Galicia: Betanzos, A Coruña, Lugo, Mondoñedo, Ourense, Santiago e Tui; reducíndose a catro coa reforma do século XIX. O 30 de novembro de 1833 o Estado español dividíase en rexións e provincias, quedando Galicia con catro que recibían o nome das súas capitais: A Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra; supoñendo esta nova reforma administrativa o fin do Antigo Reino de Galicia.



Portada de 1750 do libro "Galicia. Reino del Christo Sacramentado y primogénita de la Iglesia entre las gentes" de Pasciano de Seguin.



Pedro Fernández de Castro, VII Conde de Lemos, figura clave na consecución do voto nas Cortes (1623).



Descripción del Antigo Reyno de Galicia por Fernando Ojea (1ª metade do s. XVII).

## Corpus Christi na Cidá do Sacramento

Relocente hoxe eiqiú máis que en ningures noso Corpus, nidal i Eucaristía, lus derrama no limpo meridia cara ó ceio de anxélicos azures. Vede en feixe de coitas, tudo alburess, de xionllos ó pobo niste día. Seus destiños lle entrega, faino guía dun camiño de trancos e cesures: có viño e o pan comulga na doutrina do Señor que se fixo irmao do mundo e veu para o salvar de morte indina. E sinte a latexar no máis profundo isa lus que é na Hostia unha, trina a suma paz de Deus, a paz de abundo.


Ángel Johán

# Memorial de Juan Pallares. Prolegómenos da Ofrenda

O 14 de xaneiro de 1669, Juan Velo, cóengo da Catedral de Lugo, elevou un Memorial aos deputados das sete cidades do Reino de Galicia (lido o 15 de febreiro), solicitando un donativo para aumentar o número de velas para o alumeado do Santísimo, xa que “ay mas de Mill y nobenta Años (en el Sentir mas avaro) que en el Altar de ssu Capilla mayor, goza este Nobilissimo Reyno, la Verdadera y Real presençia de nuestro Redemptor Sacramentado, continuamente, día, y noche Patente”. Resalta a defensa por parte do Reino de “la presençia de christo Señor nuestro, en la ostia consagrada” e como isto se fai patente na súa bandeira, borrando “el dragon berde, y leon roxo (Armas de los Reys Suevos, que al tiempo tenian en este Reyno su Corte) y trasladar al dorado campo del escudo de sus Armas, la ostia, no dentro de basso Sacramental oculta (como mal pensaron historiadores modernos) si sobre el Caliz, ô de manifesto en su custodia”.

O Memorial destaca que para Santiago Apóstolo é Galicia “su mas querida, y amada Probinzia”, sinalando que “será muy de su gusto, y agrado, el ôssequio de esta ofrenda, y en su recompensa adelantando el premio, nos dará felices Victorias, y Gloriosos triunfos, en honrra, y eterna beneración de su Maestro Sacramentado, que siempre alabado sea”.

Na Xunta do 19 de febreiro, na Coruña, votouse a concesión dun donativo anual de 1.500 ducados para a mellora do alumeado e culto do Santísimo exposto día e noite na catedral lucense, para “las luces que mençiona la junta antezedente” xa que é “tan util, y de la obligación del Reyno, el haçelle”. O 22 de febreiro nomeáronse os capitulares para outorgar a escritura, e o 1 de marzo de 1669 materializouse a escritura ante o escribán Pedro Pérez de Cajide.



Memorial enviado polo Cabido da Catedral de Lugo para solicitar o donativo para o alumeado do Santísimo Sacramento. (AIPLA. Conceito de Lugo, 136 [fol. 50r])



“Pinjante” eucarístico da porta norte da Catedral de Lugo.



Bula papal de Clemente IX a Carlos II (1669) comunicando a provisión da diocese de Lugo a Frei Juan Asensio, o bispo que presidiu as primeiras celebracións en 1672. (Ministerio de Cultura y Deporte. Archivo General de Simancas. PTR, LEG, 64, DOC. 143)

Saben os ollos que hai tralo valado un Reino; e que do anxo hastra o grilo brinca o gozo de Deus. E Deus dá boa fada ós ollos namorados que chegaron abertos ás portas do mencer. Vese a Deus reloncino nos ollos dos que esperan e nas línguas que alaman, tremando como lapas, un Pan feito de lía, perdón e beixo eterno para aló das anduriñas e o bafaxar dos bois. Veleiqui os homes de soños sementados de estrelas e de virxes, e de alma coma a serra, que se brande e non creba, e escuros pés romeiros perdidíños nas fragas, e ollos que non amaron máis lus que a lus de Roma.

(De “Veleiqui os homes”)

Xosé María Díaz Castro

# 1669: A escritura do donativo do Reino de Galicia

Como mostra da devoción eucarística do Reino de Galicia, o 1 de marzo de 1669 firmouse ante o escribán Pedro Pérez de Cajide, na cidade da Coruña, a escritura do donativo de 30.000 ducados por parte das sete cidades do Antigo Reino, asinando o documento Diego de Somoza y Prado, deputado por A Coruña; Francisco Rubinos, rexedor da cidade de Mondoñedo, e o cóengo Juan Velo, en nome do Cabido da Catedral de Lugo.

O diñeiro tiña como fin comprar cera para catro velas máis que evitasen “*el poco hornato y decencia de luces, con que estaba el Santissimo Sacramento en aquella Yglesia asistiendo Patente en ella, día y noche, como hera notorio*”, redactándose doce condicións entre as que destaca a 7ª que establece a celebración anual na Catedral de Lugo, o domingo infraoitava do Corpus, dunha cerimonia para que “*se perpetue mas, y ferborice la debocion, y se reconozca ser echa dicha Doctaçion por el Reyno*”, facendo ofrenda ao Santísimo Sacramento de forma similar á Ofrenda a Santiago Apóstolo por parte dos Reinos de España. A escritura foi aprobada pola raíña Mariana de Austria, titora do seu fillo Carlos II, o 18 de outubro de 1669.

O 19 de xuño de 1672, realizouse a primeira cerimonia da Ofrenda do Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento tendo como protagonistas a Juan de Asensio, bispo de Lugo, e Juan Pardo Monzón, “*Alcalde Mayor mas antiguo en la rreal audiencia de este rreino de Galicia y rrejidor perpetuo de la ciudad de mondoñedo en nombre de este mui noble rreino y sus siete ziudades que le componen*”.



Escudo con referencia ao Santísimo (S. XVII), Museo Diocesano e Catedralicio de Lugo



Carta de pago para a primeira cerimonia da Ofrenda, presidida por Frei Juan Asensio, AHPLu, Concello de Lugo, 446-1 fol. 1r f



Parte superior da Custodia do bispo Diego Castejón y Fonseca (1636).

Nadie desconfie,  
nadie desespere.  
Que con este Pan y este Vino...  
las llamas se apagan,  
las fieras se vencen,  
las penas se abrevian  
y las culpas se absuelven.

(De “Manjar de los fuertes”)


Pedro Calderón de la Barca

# S. XVIII: A Ofrenda cumpre o primeiro século


O 25 de maio de 1769 celebrouse a festividade de Corpus e, tres días despois, a Ofrenda do Reino de Galicia ao Santísimo, que cumpría o seu primeiro século desde a escritura do donativo firmada o 1 de marzo de 1669. Durante estes días festexouse a inauguración da obra que enmarca na actualidade a cerimonia: o impresionante tabernáculo de mármore realizado por José de Elejalde entre febreiro de 1766 e xaneiro de 1769, para “colocar en él el Santísimo Sacramento para su maior decencia y benerazion”. A inauguración tivo como ilustre asistente ao Arcebispo de Santiago, Bartolomé Rajoy y Losada.

En 1772, un século despois da primeira Ofrenda, inaugurouse a actual custodia que contén a Xesús Sacramentado no Altar Maior da Catedral de Lugo, obra do prateiro Manuel Vargas Machuca, e agasallo de Juan Sáenz de Buruaga, Arcebispo de Zaragoza, ata 1768 Bispo de Lugo.

A cerimonia da Ofrenda de entón non varía substancialmente da actual, segundo consta no Libro de Cerimonias da Catedral de Lugo: “Al tiempo del ofertorio viene el Maestro de Ceremonias con el pincerna y quatro Capellanes o Colegiales y da aviso al Señor Obispo (si está presente) para que baje de su silla y venga al altar maior á donde se sienta en su silla al lado del Evangelio sin ponerse el bonete, y luego vuelve dicho Maestro de Ceremonias con los quatro Capellanes y Pincerna a buscar al Regidor que baja de su silla y los dos Canonigos, y con este acompañamiento le traen a la Capilla maior llevando delante de si el niño con la oferta, y llegando á las gradas del altar maior toma la oferta en sus manos, sube y se pone de rodillas a los pies del Prelado y ofrece en nombre del Reyno los mil y quinientos ducados. Su Señoría Ylustrísima recibe la oferta y da las gracias en nombre del Cavildo y Yglesia, y anuncia muchas prosperidades y buenos sucesos al Reyno por el servicio que hace a Su Majestad Sacramentado”.



Libro de Cerimonias da Catedral de Lugo na Idade Moderna. (Arquivo da Catedral de Lugo)



Carta de pago do Tabernáculo, finalizado en 1769. (ARPLA, Protocolos, 335-3 [jul. 77])



Custodia da Catedral, doada polo arcebispo de Zaragoza Juan Sáenz de Buruaga (1772).

## Lugo, Tabor del Dios, Eucaristía

Lugo, Tabor del Dios, Eucaristía, que con el blanco pan transustanciado y Dios por gloria iluminado, fulguras sin eclipse noche y día: Entre sus muros habitar ansía quien vive de Jesús enamorado para gozar su amor sacramentado mientras llega la eterna epifanía. Venid junto a su trono, adoradores!, que si dejáis el templo solitario quizás Jesús, velando sus fulgores, se oculte entre las sombras del sagrario y quede, del desvío a los rigores, convertido el Tabor en un Calvario.

Ángel Garrote



# S. XIX: II Congreso Eucarístico Español en Lugo

A cerimonia da Ofrenda, e o culto de Galicia ao Santísimo, seguiu en auge durante o século XIX, con incremento da dignidade do lugar da exposición permanente. E así, o día de Corpus Christi de 1812 inaugurouse a aclamada obra en mármore de Antonio Sanjurjo sobre deseño de Melchor de Prado, que representa un rompemento da Gloria, con anxos e serafíns, colocada na zona central do tabernáculo.

En 1854 aconteceu un acto terrible que conmocionou a Lugo e a toda Galicia: a noite do 8 de decembro produciuse o roubo do Santísimo Sacramento, levando os ladróns “*el Disco o Circo de la Gran Custodia del Altar Mayor*” que en 1772 agasallara o Arcebispo de Zaragoza, Juan Sáenz de Buruaga. O roubo orixinou o cese do culto na catedral, que se renovaría, con grandes festexos, o 21 de dito mes por orde do bispo Santiago Rodríguez Gil. A nova custodia, sufragada con achegas do pobo galego e da Raíña Isabel II, foi fabricada nos talleres Ramírez de Arellano de Madrid, e colocada o 1 de novembro de 1860 no seu tabernáculo do Altar Maior, onde segue na actualidade.

O feito máis destacado deste século foi a celebración do 26 ao 30 de agosto de 1896, na “Cidade do Sacramento” por excelencia en España, do II Congreso Eucarístico Español, que contou coa presenza, entre outros, de Serafín Cretoni, Cardeal Pro-Nuncio do Papa en España; Salvador Casañas y Pagés, Cardeal Bispo de Urgel e Gregorio Aguirre García, Arcebispo de Burgos e anteriormente bispo de Lugo. Neste congreso efectuouse unha Ofrenda ao Santísimo en nome do Reino de Galicia por parte de Ramón Iglesias Camino, Alcalde de Lugo, sendo respondido por José Martín de Herrera, Arcebispo de Santiago de Compostela, que sinalou: “*celebramos este Congreso Eucarístico, para dar público testimonio de fe en la presencia real de Nuestro Señor Jesucristo en el Santísimo Sacramento del Altar, ¿qué confesión más explícita de este Misterio, que la del muy digno representante del antiguo Reino de Galicia?*”. En 1896, a S.I.C.B. de Lugo foi elevada ao rango de basílica, xusto trato para a secular casa do Santísimo Sacramento.



II Congreso Eucarístico Español (1896).



Medalla do Congreso Eucarístico Español de 1896.



Obra de Antonio Sanjurjo Gallego, segundo deseño de Melchor de Prado para o expositor do Santísimo.



O Santísimo Sacramento exposto na actual Praza Maior durante o II Congreso Eucarístico Español de 1896.

## A Lugo

Estaba Lugo Augusta ensimismada, con el Miño a sus pies en pleitesía de doncel esforzado que veía, en su seno la Gracia reflejada. La Gracia del Señor quintaesenciada en la Forma Sagrada que lucía con hermosa y perenne lozanía en su cáliz de piedra sonrosada. Y con sus Ojos Grandes la Señora apresando un dulzor de luz de cielo en que toda la dicha se atesora. Gozo de la Ciudad del Sacramento, -toda un trono de Luz sobre su anhelo- de tener a Jesús por su cimientto.

Luis Romero Porras

# S. XX: 300 anos da Ofrenda

O s. XX estivo en Lugo impulsado, nos seus inicios, polos ecos do II Congreso Eucarístico Español de 1896, supoñendo isto o pulo definitivo na secular tradición da Ofrenda. Tras o primeiro cuarto de século, no que bispos lucenses como Benito Murúa (†1912) ou Manuel Basulto (†1936), recibiron a práctica totalidade das ofrendas das cidades, Frei Plácido Rey Lemos (†1941) estableceu unha quenda de oferentes, comezando por Lugo, e seguindo por A Coruña, Santiago, Ourense, Mondoñedo, Betanzos e Tui; interrompéndose en 1931 con Betanzos, e en 1932 con Tui, sendo realizada entón a Ofrenda pola Adoración Nocturna; posteriormente, esta orde de Ofrenda foi consolidada, e continúa na actualidade.

Este século permite comprobar o agarimo e entusiasmo con que se celebraba a Ofrenda; así, en 1912, fálase de afluencia de público *“como no se viu desde la época del Congreso Eucarístico y Exposición Regional”*, atopando entre os festexos posteriores, unha exhibición de avións, sesión de fogos artificiais ou varias orquestras. Nos anos vinte abundaron grandes titulares na prensa local, como: *“Solemnidad memorable en Lugo”* (1924), *“Galicia ante el Santísimo”* (1926) ou *“La grandiosa peregrinación Eucarística del Domingo”* (1928), mencionando sempre o enorme número de peregrinos que acudían a Lugo o domingo da Ofrenda. A Guerra Civil non impediu a celebración da cerimonia, rexistrándose en 1940 un grande número de participantes na XII Peregrinación Galega ao Santísimo, saíndo da catedral polas engalanadas rúas da cidade unha solemne procesión que incluía *“danzarines de Betanzos”* e *“dos interminables filas de hombres”*.

En 1969 celebráronse os 300 anos da escritura do donativo por parte do Reino de Galicia e, o 3 de maio, no B.O.E., con motivo da edición dun selo conmemorativo, lese: *“El alto valor espiritual que entraña el privilegio desde el siglo VI de disfrutar de la exposición perpetua y continua del Santísimo Sacramento y la recordación del compromiso del Antigo Reino de Galicia para el sostenimiento de su culto, alcanzarán relieve nacional en el presente año”*. Aquel ano o oferente foi Manuel Fraga, interrompendo así a quenda das cidades, recuperado en 1970 polo alcalde de Tui, Teodosio Baquero.



Actos conmemorativos do III Centenario da Ofrenda.



Lámpada votiva de comezos do s. XX, financiada pola Adoración Nocturna.



Selo conmemorativo do III Centenario da Ofrenda.



Carroza procesional (s. XX), utilizada no Corpus.

## Semella un soño

As rúas rebordantes de xentío, folclore, rechamantas vestimentas, bandas de música e foguetes, invítannos á festa.

Corpus Cristi. Ofrenda

do antigo Reino de Galicia

a Deus sacramentado.

Xornada santa, día de ledicia.

A luz inunda a vella catedral.

Bispos e autoridades, mesturados

co pobo, enrestran cánticos e rezos

-semella un soño- no idioma patrio.

Pasarán doce interminables meses

ata que a antiga capital do Reino

volva a falarlle a Deus con tal franqueza

na lingua dos galegos.

(De “Onte e hoxe vivencial”)

**Manuel Rodríguez López**

# S. XXI: A cerimonia nos nosos días

A cerimonia da Ofrenda do Reino de Galicia celébrase en Lugo o domingo despois de Corpus Christi que, ao ser trasladada esta festividade en 1989 do xoves ao domingo, supuxo que o “domingo infraoitava do Corpus” se retrasase unha semana.

A Ofrenda mantense, con leves variacións, desde a modificación do bispo Fr. Plácido Rey Lemos, comezando o sábado co recibimento polo Cabido á comitiva municipal, co delegado rexio que por quenda correspondía, que será o oferente, sendo os últimos alcaldes Ramón García (Betanzos) en 2018 e Elena Candia (Mondoñedo) en 2017. O domingo pola mañá, tras a recepción de autoridades no Concello, hai un solemne desfile ata a porta norte da catedral, baixo o Pantocrátor e o “pinjante” eucarístico, onde agardan os responsables do templo. A Misa de Pontifical conta coa presenza dos bispos das Dioceses de Galicia e da de Astorga; sendo os últimos que recibiron o voto, o Arcebispo de Santiago, Mons. Julián Barrio, en 2018 e o bispo de Mondoñedo-Ferrol, Mons. Luis Ángel de las Heras, en 2017. Nesta cerimonia teñen relevancia os discursos do delegado rexio e do bispo receptor, que da resposta ao voto. A tradicional ofrenda, de 1.500 ducados ao comezo, é simbólica agora, sen que por iso sexa menos valiosa.

Tras a ofrenda e a Santa Misa, da comezo a procesión polas rúas de Lugo, co Santísimo Sacramento como protagonista, e incluíndo na comitiva representantes do clero, autoridades e numerosos fieis. É costume que, tras os actos, se ofrezca unha comida oficial que pon colofón ás celebracións do Corpus Christi.

A relevancia desta celebración orixina que agora proliferen as publicacións sobre o tema, sendo boa mostra buscadores como Google, onde aparece con máis de 30.000 resultados. As últimas edicións contaron coa retransmisión en directo por Youtube, aumentando así a súa difusión entre a poboación, sen ter que acudir á catedral, que nese día está abarrotada. A Ofrenda do Reino de Galicia aparece reflectida en todos os xornais galegos, e é obxecto de atención polos medios audiovisuais, sendo proba de que este referente histórico, relixioso e cultural ten un especial arraigo entre o pobo galego.



Bailes gremiais de Betanzos na Procesión posterior á Ofrenda.



Procesión do Santísimo Sacramento polas rúas de Lugo.



Ofrenda da alcaldesa de Mondoñedo, Elena Candia, co bispo de Mondoñedo-Ferrol, Mons. Ángel de las Heras (2017).

Onde noutrora deambulamos transidos dunha chuvia insistente e hostil, presentín que un día voltaría soa a pregar por ti. Na catedral hai un rumor lúido unha memoria escura e indefensa un silencio como de loito puro. Un sol sacramentado que expón o seu misterio de vencer a materia de superar a cinza na insistencia da luz na aurora consumada. Veño á cita eucarística do reino para anular o tempo para incendiar a morte para pregar por nós.

(De “Cidade do Sacramento”)

Luz Pozo Garza

# Lugo, a Cidade do Sacramento

O secular privilexio da exposición permanente do Santísimo na Catedral de Lugo, nado do profundo sentimento da comunidade cristiá lucense cara o “Sacramento dos Sacramentos”, presenta na proliferación de agrupacións de adoradores unha das súas características máis destacadas.


A Adoración Nocturna iniciouse en Lugo en 1885, cando o viveirense Luis de Trelles y Noguero (†1891), impulsou este movemento eucarístico aos oito anos do seu comezo, sendo responsable da fundación das Camareiras de Xesús Sacramentado de Lugo, en tempos do ilustre prelado Gregorio Aguirre (†1913). Entre as agrupacións lucenses está tamén a Confraría Sacramental da Santa Cea, fundada en 1963, sendo un referente nas celebracións eucarísticas da cidade, destacando as súas claras vestimentas coa custodia bordada. Segue esta confraría a tradición secular dos movementos relacionados co Augusto Sacramento, visible na catedral en anos como 1663, coa fundación da Confraría do Santísimo Sacramento, que tiña entre os seus privilexios “acompañar el Santísimo Sacramento en la Procesion de el día de el Corpus Christi [y] de el Juebes y Viernes Sancto”, figurando entre os seus confrades as dignidades da catedral, co deán Juan Pardo Rivadeneira á cabeza.

Na segunda metade do s. XIX creáronse varias asociacións, como a da Oración e Vela ao Santísimo Sacramento (1865), encargada tamén da administración do Santo Viático, que tivo un importante éxito social, e tiña entre as súas obrigas “velar media hora na Octava do Corpus”. En 1888 foi instituída a Garda de Honra do Sagrado Corazón de Xesús, sendo o seu director o cóengo Máximo del Arenal (†1904), que conseguiu estender a súa influencia a lugares como Monforte ou Portomarín. Lugar destacado corresponde tamén á do Alumeado e Vela Continua do Santísimo Sacramento nos Santos Sagrarios ou a Conferencia de San Vicente de Paul, así outras como a das Mariás dos Sagrarios Abandonados ou a Adoración Real Perpetua e Universal ao Santísimo Sacramento.

En 2011, o bispo de Lugo promoveu a fundación do Lucense Eucharisticum Centrum, que supón unha evolución máis na serie de movementos eucarísticos na cidade que ten como estandarte da súa identidade cristiá este Sacramento.



Luis de Trelles y Noguero.



Libro de fundación da Confraría do Santísimo Sacramento, redactado en 1663 por Juan Pallares Gayoso. (Arquivo da Catedral de Lugo)



125º Aniversario da Adoración Nocturna de Lugo.

Abriendo el surco  
trabaja y no desmayes, sembrador!  
la tierra que eso pide es una mano  
que sabrá devolverte en rubio grano  
condensadas las perlas de sudor.  
Ara, siembra y trabaja, que el Señor,  
de las mieses y espigas soberano,  
tu fatiga y sudor no pide en vano:  
ídale tu limosnita, labrador...!  
Esa tierra, esa mano que hoy mendiga  
gota a gota las perlas de tu afán,  
por cada grano te dará una espiga...  
Y el Señor que “bendice a los que dan”  
mañana, al estrechar tu mano amiga,  
isu misma carne te dará por pan!.

Enrique Saavedra Lastra

# A devoción na heráldica

O profundo sentimento polo Santísimo Sacramento en Galicia viuse reflectido no donativo para o seu alumeadado na catedral lucense, pero máis aló do dato histórico, esta devoción vese plasmada en grande número de escudos de Lugo, en concreto, e Galicia en xeral. O escudo do Cabido da Catedral ten un Cáliz cunha Hostia exposta, visible na parte superior da entrada da Sancristía Maior ou a Torre das Campás. A Diocese posúe no seu escudo a mesma iconografía, mostra da devoción dos fieis que, coa súa Fe e esforzo secular, lograron que Lugo sexa coñecida como “A cidade do Sacramento”. Varios bispos de Lugo tiveron un Cáliz coa Hostia no seu escudo, como Benito Murúa (†1912) ou Frei José Gómez (†2008), continuando Mons. Alfonso Carrasco esta secular tradición, visible xa en Manuel Santa María (†1734).

O escudo da capital lucense presenta dous anxos co Santísimo no centro xunto co lema: “*Hoc hic mysterium fidei firmiter profiteamur*”, visible nos escudos do Reino de Galicia no s. XVII, ou no tabernáculo da Capela Maior da catedral; a Diputación de Lugo presenta tamén no seu escudo a iconografía referida á exposición do Santísimo na Catedral de Lugo.

O actual escudo de Galicia amosa a exposición do Santísimo con sete cruces arredor. Juan Velo, cóengo representante do Cabido lucense nos trámites da Ofrenda, presentou en xaneiro de 1669 un memorial, atribuído a Juan Pallares Gayoso, no que se afirmaba: “*De aquí tubo principio, y se originó borrar el dragón berde, y leon roxo. (Armas de los Reys Suevos, que al tiempo tenían en este Reyno su Corte) y trasladar al dorado campo del escudo de sus Armas, la Ostia, no, dentro de basso Sacramental oculta (como mal pensaron historiadores modernos) sí sobre el Caliz, ô de manifiesto en su custodia*”. Esta particularidade do escudo de Galicia tamén figura no escudo da súa capital: “*o escudo de Santiago de Compostela está conformado por dous cuarteis, o dereito coas armas de Galicia, cáliz con Sagrada Hostia con sete cruces periféricas; e o esquerdo co sepulcro do Apóstolo*”. As representacións do Santísimo nos escudos de Galicia vense incrementadas por prestixiosas institucións, como a Universidade de Compostela, ou entidades deportivas, como o Club Deportivo Lugo.

Alguns escudos, co Santísimo Sacramento:



Escudo de Mons. Carrasco Rouco.



Universidade de Santiago.



Concello de Lugo.



Deputación Provincial de Lugo.



Club Deportivo Lugo.



Concello de Santiago.



Cabido da Catedral de Lugo. (Museo Provincial de Lugo)



Escudo do Cabido da Catedral de Lugo (2ª metade do s. XVII), obra de Domingos de Andrade.



Escudo da Xunta de Galicia.

## Plegaria al Corpus Christi

¡Oh, Cuerpo del Señor, transfigurado en sol, en luz radiante trascendido! iluminad el mundo dolorido, que yerra vacilante y desolado. Llenad con vuestra luz el delicado paisaje de Galicia, que os ha erguido como blasón y símbolo encendido de estrellas provinciales rodeado. Que vuestra claridad, ¡oh, astro místico!, nos guía en este oscuro desconsuelo, en este torpe errar meditabundo. ¡Volcad, Señor, el bálsamo eucarístico en nuestras llagas, sobre nuestro anhelo, brillad sobre nosotros, sol del mundo!

Evaristo Correa Calderón

# A chama que non se apaga

En 2019 cúmprense 350 anos do inicio da Ofrenda do Reino de Galicia ao Santísimo Sacramento, encontrándose na actualidade máis viva ca nunca esta cerimonia, como proba do profundo sentimento eucarístico dunha Comunidade, que presenta así o principal símbolo da súa identidade cristiá, que ostenta no seu propio escudo.

A cidade de Lugo ten no Corpus Christi a súa festa principal, de aí o seu sobrenome de “*Cidade do Sacramento*”, procurando na actualidade o seu prelado, Monseñor Alfonso Carrasco Rouco, coidar a Eucaristía como fonte e cume da vida cristiá, e recuperar tradicións vinculadas a esta festa iniciada no século XIII. Lugo convértese así en “*Apóstolo da Eucaristía*”, como no seu día o foi Luis de Trelles y Noguero, fundador da Adoración Nocturna Española, e ten a súa continuación hoxe en comunidades como o Cabido da Catedral de Lugo, que día a día manteñen viva unha chama, que en 2019, como indican documentos do s.XVII, acada 1.450 anos de antigüidade.

O domingo da Ofrenda é, e debe seguir sendo, un canto á convivencia; un día de encontro, tanto dos poderes políticos, como dos eclesiásticos, e de xentes de toda Galicia, que na actualidade seguen unha senda marcada hai séculos, que cobrou especial relevancia nas grandes peregrinacións de comezos do século XX.

O futuro desta cerimonia está asegurado pola Fe, polo sentimento de pertenza a un pobo con raíces profundas, pola tradición e pola historia... e polo pulo de institucións como o Lucense Eucharisticum Centrum, que dirixe José Antonio Ferreiro Varela, fundado polo actual bispo de Lugo en 2011, coa intención de “*promover, enaltecer e dignificar a fe e o culto eucarístico na diocese*”, onde a Eucaristía leva séculos tendo lugar central na esencia dunha comunidade cristiá, que continua defendendo o “*Sacramento dos Sacramentos*” desde sempre, para sempre.



Procesión do Corpus lucense.



Procesión do Corpus con representación da Confraría Sacramental da Santa Ceia. (Foto Marcos Calles)



A luz busca a Luz. (Foto Marcos Calles)

## Eres más Dios aquí

Dios y Lucus en pacto inmemoriado.  
Pan Eterno en las mieses de su Historia,  
del Misterio blason y ejecutoria,  
ostensorio de Amor privilegiado.  
Hoy el Corpus celebra emocionado  
-con la humildad del polvo y de la escoria  
vestida de luceros, sol y gloria-  
el pueblo que en Viril has transformado.  
Vivimos en el hueco de tu Mano.  
En Lugo nos recibes noche y día  
sin tener que batir puerta ninguna.  
Por eso no te ofendas, Soberano,  
si de fervor nuestra alma desvaría  
que eres más Dios aquí que en parte alguna.

## María Rosa de Vega Araújo

Asesor histórico:  
Marcos Calles Lombao

# 350 ANOS DA OFRENDA DO ANTIGO REINO DE GALICIA A XESÚS SACRAMENTADO NA CATEDRAL DE LUGO

## Coroa poética para O Santísimo

Poemas de:

Licenciado Molina

Valentín Lamas Carvajal

Ángel Johán

Xosé María Díaz Castro

Pedro Calderón de la Barca

Ángel Garrote

Luis Romero Porras

Manuel Rodríguez López

Luz Pozo Garza

Enrique Saavedra Lastra

Evaristo Correa Calderón

María Rosa de Vega Araújo

## Exposición

350 anos da Ofrenda do Antigo Reino de Galicia  
a Xesús Sacramentado na Catedral de Lugo

## Promove

Lucense Eucharisticum Centrum

## Patrocina

Xunta de Galicia

## Realiza

Colectivo Egeria

## Coordina

Antonio Giz

## Dirixe

Xulio Xiz

## Asesoría Histórica

Marcos Calles

# 350 ANOS DA OFRENDA DO ANTIGO REINO DE GALICIA A XESÚS SACRAMENTADO NA CATEDRAL DE LUGO



350 ANOS  
OFRENDA DO  
REINO DE GALICIA

 Lucense  
Eucharisticum  
Centrum

 CATEDRAL  
DE LUGO

 DIÓCESIS  
DE LUGO

 XUNTA  
DE GALICIA

 Xacobeo 2021

COLECTIVO  
EGERIA